

Cris Pavón gaña o Modesto Figueirido co relato 'Cara a Tiananmen Square'



Cris Pavón

A escritora Cris Pavón (A Coruña, 1962) vén de inscribir o seu nome nun dos premios de narrativa en lingua galega máis recoñecidos: o Certame Nacional de Narracións Breves 'Modesto R. Figueirido', que convoca a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro coa colaboración do Concello de Maside. O xurado outorgou dous accésits a Rubén Anido Regueiro e a Clara Isabel Rodríguez.

O xurado elixiu a obra de Pavón entre as 61 presentadas. O tribunal estivo composto por César Fernández; Luís González Tosar; Cesáreo Sánchez; Gonzalo Navaza; e Isidro Novo. O galardón, que está dotado de 1.000 euros, entregarase o vindeiro 28 de decembro.

Cris Pavón explicoulle a Letra en Obras que "Cara a Tiananmen Square" -homenaxe ao *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar- e sitúase no traxecto que fai un home Beijing adiante do Zara da rúa Xidan ao Zara da rúa Quianmen, dándolle voltas as súas circunstancias vitais, tan pouco claras como o ar que o arrodea agás nunha cousa: ten que atopar un traballo

•